

O MUNDO E GRANDE  
Música de Leroy Anderson ("Syncopated Clock")

O mundo é grande como xa verás  
e somos tantos, quen nos contará?  
Cen mil maneiras de falar,  
cen mil maneiras de cantar.

E neste mundo o mesmo sol  
danos a vida e danos calor  
os ventos sopran sen parar  
sexas da India ou Portugal.

*E cada un nacerá no seu lugar  
e será o que poida aprender,  
bombeiro, surfista ou chofer.*

O mundo é grande xa cho dixeran xa  
e ser distintos é diversidá,  
do polo norte ata o sur  
distintas razas ti verás.

...

O mundo é grande, ti mesmo verás,  
ser diferentes non é casualidá,  
distinto pelo, distinta cor,  
os mesmos soños, mesmo amor.

O mundo é grande como xa verás  
e somos tantos, quen nos contará?  
Cen mil maneiras de falar,  
cen mil maneiras de cantar.